

ROGO DE AER SOBRE AS INTERVENCIÓNS DO ALCALDE

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

A continuación, O concelleiro Blanco Pérez le un escrito en relación á intervención do Alcalde nos debates do pleno do Concello: .

“Sr. Alcalde, Presidente, queremos presentar unha cuestión de procedemento si vostede ten a ben permitir que a expoñamos.

Atendendo ao Regulamento Orgánico do Concello, e un pouco fartos das anomalías que se dan nos debates provocadas polas súas intervencións. Temos a ben recordarlle as súas atribucións como Alcalde presidente:

Artigo 33.— Durante o debate, e sen consumir quenda, o/a Presidente/a da Corporación, ou quen no seu defecto presida a sesión, poderá intervir cantas veces considere oportuno, pero sen ser portavoz do grupo político ao que pertence, e soamente para ordenación dos debates.

Artigo 35.—O/a Alcalde/sa poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos/as seus/súas compoñentes, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade**
- b) Interrompa ou altere a orde das sesións.**
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedido, ou cando xa lle fora retirado.**

Recordámosllo porque non só intervén nos debates, tamén fai chistes. Xa parece o Sr. Aznar que tamén chegou a considerarse gracioso. Esperamos que deixe de ocorrer e cumpra vostede co que ten encomendado e si quere intervir deixe a alcaldía, xa que non conta coa confianza do Pleno, e póñase de voceiro. Si hai algún reparo nos votamos a favor de levantalo.”